



1)OBJECTO

A Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo_FECIMO, desenvolverá **do 2 de decembro de 2011 ao 6 de xaneiro de 2012**, ambos inclusive, a promoción "**Porque este Nadal NO MORRAZO GAÑAMOS TODOS**" (de aquí en diante **CAMPAÑA**). Esta Campaña pretende transmitir aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados adheridos, ofrecendo a posibilidade de acadar importantes premios.

2)ÁMBITO DA PROMOCIÓN

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas na Federación a través das súas asociacións, que decidan voluntariamente participar na mesma (sempre e cando os mesmos atópanse abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado). Un establecemento que non participe na campaña non poderá entregar os códigos da promoción nin canxear os cheques compra.

As bases estarán publicadas e dispoñibles nas páxinas webs www.fecimo.es e www.compranomorrazo.com

3)PREMIOS

Os premios que constitúen a presente campaña consisten en cheques compra para mercar nos establecementos adheridos á campaña, por un importe total bruto antes de retencións/ ingresos a conta de de **16.658,03 €**, repartidos da seguinte forma:

PREMIOS DIRECTOS

4 PREMIOS DE 250 €

5 PREMIOS DE 100 €

70 PREMIOS DE 50 €

PREMIOS A SORTEAR "GRANDES PREMIOS"

3 PREMIOS DE 3.886,01 (1 POR LOCALIDADE: BUEU_CANGAS_MOAÑA)

O cálculo do importe neto a percibir polos gañadores especificase no **ANEXO I** destas bases

FECIMO resérvase o dereito a entregar aos gañadores outro premio de iguais ou similares características.

4)DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO Á PROMOCIÓN.

Trátase dunha promoción dirixida aos clientes-consumidores das empresas asociadas adheridas. Pode participar calquera persoa física que realizara algunha compra ou servizo no comercio ou empresa asociada durante o período de vixencia da promoción (**do 2 de decembro de 2011 ao 6 de xaneiro de 2012**).

A cada cliente por cada compra superior a 10 € entregaráselle unha tarxeta cun código impreso único alfanumérico, válida para un só uso, que o consumidor poderá validar calquera día da semana, as 24 horas do día e **ata ás 23:59 h do 7 de xaneiro de 2011** a través da web: www.compranomorrazo.com. Chegado ese momento, rematará a posibilidade de que os participantes continúen validando códigos.

O establecemento participante poderá entregar ata un máximo de 3 códigos pola compra, ó seu criterio.

Aquelas persoas que non conten con medios técnicos ao seu alcance, poderán acudir á sede de FECIMO para validar os seus códigos.

Para participar os usuarios deberán introducir os datos do código único da súa tarxeta. De seguido, deberán rexistrarse con datos:

NOME
APELIDOS
TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO (campo opcional)
E-MAIL
LOCALIDADE DE RESIDENCIA

Unha vez cumplimentáranse os campos requeridos de xeito correcto, o sistema informará automaticamente se o participante resultou premiado cun dos PREMIOS DIRECTOS ou non. Ademais, durante a vixencia da promoción, os códigos que participaran, entrarán no sorteo dos **GRANDES PREMIOS**.

Na promoción entran en xogo os códigos, non o rexistro da persoa, polo que cantos máis códigos teña unha persoa acumulados, máis posibilidades terá de resultar premiado.

Os gañadores serán publicados nas páxinas web www.fecimo.es e www.compranomorrizo.com e serán contactados polo promotor dacordo cos datos do rexistro. É imprescindible gardar o CÓDIGO posto que solicitaráselle, si resulta premiado. Cada cliente poderá participar tantas veces como códigos obteña mediante a compra ou contratación de servizos, aumentando deste xeito as súas probabilidades de resultar agraciado cun premio.

A presente promoción farase con igualdade de oportunidades e con estrito respecto ás normas básicas da boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas Bases dará lugar á conseguinte exclusión do participante na promoción.

Todos os datos introducidos polo participante deberán ser veraces. No suposto de que o participante rexistrárase con datos falsos ou utilizara de xeito inadecuado tecnoloxía informática para acadar obxectivos fraudulentos, non se terá en conta e quedará excluído da promoción e da posibilidade de optar a premio algún.

A constatación de calquera destas circunstancias suporá a descalificación automática do participante. No caso de constatar as citadas irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, FECIMO, resérvase o dereito a exercer todas as accións legais que lle asistan contra os infractores.

5)PROCEDIMENTO DO SORTEO.

CÓDIGOS CON PREMIO DIRECTO

Antes do comezo da campaña, estableceranse ao azar os **momentos** nos que serán entregados os premios directos. Para cada premio, establecerase un **momento** dentro do período da campaña. Estes **momentos** serán definidos como día_hora_minuto_segundo. Cada premio será asignado ao primeiro código que sexa rexistrado á partir do **momento** establecido para dito premio. A listaxe de momentos nos que se repartirá cada premio será xerada de forma automática e só será coñecida pola empresa que xestiona a promoción por Internet, que asinará un compromiso de confidencialidade.

SORTEO DOS "GRANDES PREMIOS"

Todos os códigos rexistrados e validados a través da participación na web, entrarán no sorteo final dos premios denominados "GRANDES PREMIOS". **O sorteo celebrarase o Domingo, 8 DE XANEIRO DE 2012 ás 18:00 h. no Auditorio Municipal de Cangas do Morrizo**, a través dunha aplicación informática consistente en facer unha elección aleatoria entre os códigos participantes por municipio (dado que os códigos entregaránse nos establecementos adheridos á campaña identificando con exactitude que códigos se entregan en cada comercio e localidade).

Elxiránse, por tanto:

- 1 código gañador e 1 código suplente entre os repartidos en Bueu
- 1 código gañador e 1 código suplente entre os repartidos en Cangas
- 1 código gañador e 1 código suplente entre os repartidos en Moaña

6) ENTREGA E ACEPTACIÓN DOS PREMIOS

FECIMO porase en contacto cos gañadores dos 3 premios denominados "**GRANDES PREMIOS**" no número de teléfono facilitado ao participar na promoción, a partir do **9 de xaneiro de 2012**. Para elo realizaránse tres intentos de comunicación telefónica, durante tres días nun período dunha semana . Unha vez contactado o gañador deberán confirmar no prazo de 5 días hábiles por calquera medio escrito a súa aceptación do premio. No suposto de que o gañador non aceptara o premio nas condicións e prazos establecidos ou non puidera ser localizado mediante os datos facilitados, pasarase a identificar aos suplentes por orde, seguindo idéntico proceso. De resultar infrutuoso o intento, o premio quedará deserto.

Para a entrega dos **PREMIOS DIRECTOS ADXUDICADOS**, unha vez o sistema detecte que o participante obtivo un premio, automaticamente enviaráselle unha mensaxe por e-mail (ao enderezo facilitado no rexistro) acreditándoo como premiado/a. No prazo de 5 días hábiles o premiado deberá acreditar a súa condición de gañador dirixíndose á sede de FECIMO ou directamente no establecemento comercial no que realizou a compra, séndolle requerido o código premiado.

Ningún dos premios da presente promoción poderá ser obxecto de cambio, alteración, compensación ou cesión a petición dos gañadores.

Os gañadores dos PREMIOS DIRECTOS consistentes en cheques compra de 250 € y 100 €, serán entregados no mesmo acto público no que se realizará o sorteo dos "GRANDES PREMIOS" (Domingo, 8 de xaneiro de 2012 ás 18:00 h. no Auditorio Municipal de Cangas do Morrazo)

Os gañadores dos PREMIOS DIRECTOS consistentes en cheques compra de 50 € serán entregado no momento en que o gañador acredite dita condición e nun prazo de 5 días (data límite de recollida: 30 de xaneiro de 2012)

Os gañadores/as de calquera dos premios deberán gastalos nos establecementos adheridos á campaña, nun prazo de 1 MES dende a realización do sorteo (é dicir, con data límite: 8 de febreiro de 2012).

7) OUTRAS CONDICIÓNIS DOS PREMIOS

- En calquera dos casos, os premiados deberán entregar a tarxeta co código premiado, nos prazos establecidos previamente para a identificación do premiado.
- FECIMO resérvase o dereito a non aceptar tarxetas de códigos ilexibles, manipulados, falsos ou con calquera defecto ou anomalía que impidan o seu recoñecemento ou validez de participación nesta promoción.
- O período de reclamacións ao promotor finaliza en 7 días hábiles transcurridos dende a comunicación ao gañador.

8) LIMITACIÓNIS PARA PARTICIPAR

FECIMO resérvase o dereito, se concurre causa xusta e previa comunicación de xeito legal , a efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta promoción. A simple participación implica a aceptación destas bases na súa totalidade, polo que a manifestación, no sentido da non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia, FECIMO, quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

Así mesmo, os participantes comprométese a admitir a decisión interpretativa que FECIMO poida darlle sobre as presentes bases ou sobre calquera cuestión derivada da promoción contemplada nestas.

O gañador de calquera dos premios non poderá ser o propietario/titular/socio, os seus empregados, cónxuxe, nin familiar de 1º grao descendente ou ascendente (fillos/pais) do

establecemento onde fora entregada a tarxeta de código. Dada a imposibilidade material por parte de FECIMO de identificar as persoas mencionadas anteriormente, de resultar calquera de elas agraciadas e de coñecerse tal circunstancia, excluírase como premiado aplicándose o mecanismo referente ao suplente, no caso dos premios denominados "GRANDES PREMIOS". No caso dos PREMIOS DIRECTOS, o premio quedará deserto.

Así mesmo, se a persoa que figura no boleto gañador fose un menor, poderá representalo os seus pais ou titor legal.

9) EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

- FECIMO non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.
- FECIMO non será responsable se a tarxeta de código é ilexible, incorrecto, está danado, perdeuse, sustraíuse ou calquera outra circunstancia allea ao promotor que anule o dereito do gañador a reclamar o premio.
- FECIMO non será responsable por danos e prexuízos de calquera natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade das redes de telecomunicacións ou a web ou o microsite mediante o cal participa na promoción.
- FECIMO non será responsable si ao tratar de contactar co teléfono do gañador ou o seu correo electrónico están fora de servizo ou non reciben axeitadamente.

10) DEREITOS E DEBERES DE PARTICIPANTES E GAÑADORES.

REPERCUSIÓN FISCAL

FECIMO non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei correspóndalle satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

- a) De conformidade coa normativa do IRPF os premios desta promoción estarán suxeitos á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF, o Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF e o Real Decreto 2004/2009 de 23 de decembro que modifica o anterior.

Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vencelladas á venda e promoción de bens e servizos están suxeitos ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premios sexa superior a 300 €.

En todo caso corresponderá a FECIMO a realización do ingreso a conta ou a práctica da retención procedente, e, aos gañadores dos premios denominados "GRANDES PREMIOS", a declaración correspondente no seu IRPF (ver ANEXO I destas bases).

- b) Con independencia do establecido no punto anterior, o premiado queda obrigado ao cumprimento das súas obrigas contables e fiscais. En concreto, e como suxeito beneficiario do premio deberá declarar e incorporar na súa base imponible xeral do seu IRPF, a valoración neta do premio máis o ingreso a conta que FECIMO efectuara sobre dito importe, de conformidade coa información recollida no certificado de retencións e ingresos a conta do IRPF que a estos efectos FECIMO lle facilitará.
- c) FECIMO queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puideran derivarse da obtención do premio. A este efecto, FECIMO emitirá e enviará un certificado cos datos correspondentes ao premio

TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A efectos de dar cumprimento a L.O.15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, FECIMO informa de que os datos proporcionados por calquera medio polos **participantes** da promoción na web fecimo@fecimo.es serán incorporados a un ficheiro automatizado responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar o seu acceso e participación na presente promoción así como poder informarlle por calquera medio sobre produtos, promocións e servizos con fins publicitarios e de prospección comercial, así como para o uso interno dos mesmos e o envío de comunicacións (a traves de chamadas telefónicas,

mensaxes sms, mms e correo electrónico) relativos aos aspectos anteriores. Así mesmo, o tratamento de datos incluíra a realización de perfís, segmentacións e enquisas. A realización de tratamentos con fins publicitarios e de prospección comercial implicará facer chegar, por calquera medio información, publicidade e promocións comerciais tanto de FECIMO como das súas empresas asociadas. O consentimento para o tratamento dos datos para as finalidades informadas entenderase prestado de forma manifesta e inequívoca mediante a comunicación dos datos a través da participación nas campañas promocionais tanto a través da web como calquera outro soporte físico.

Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación escrita vía e-mail a fecimo@fecimo.es ou enviando ao enderezo Avda. de Vigo, 91_baixo en Cangas do Morrazo, Pontevedra (Teléfono de contacto: 986 30 50 00).

FECIMO adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os gañadores desta promoción autorizan a FECIMO a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, apelidos, enderezo e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

11) ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación íntegra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe FECIMO. Para verificar esta aceptación ao participante solicitarase a aceptación expresa no momento de validación de códigos. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases por FECIMO, serán competentes para coñecer dos litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Cangas do Morrazo, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero, de resultar distinto ao aquí pactado.

ANEXO I _DETALLE DOS PREMIOS DENOMINADOS "GRANDES PREMIOS DO NADAL"

3 PREMIOS DE 3.886,01 (1 POR LOCALIDADE: BUEU_CANGAS_MOAÑA)

A) Base Imponible (Importe do premio)	3.886,01 €
B) Base Imponible Incrementada = A + 20%	4.663,21 €
C) Tipo Impositivo Aplicable	19%
D) Retención Ingreso a Conta realizado = BxC	886,01 €
E) Premio neto = A - D	3.000,00 €

En Cangas do Morrazo a 29 de novembro de 2011